


**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA
DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE
ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO
DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2014**

1. Apróbase, por asentimento, a acta da reunión ordinaria do día 29 de setembro de 2014.
2. Apróbase, por asentimento, a substitución na Secretaría da Comisión Académica do Prof. Miguel Ángel Michinel Álvarez porla Prof.^a Ángela Coello Pulido.
3. Apróbase, por asentimento, incentivar a participación nas enquisas de satisfacción e de avaliación docente.
4. Apróbase, por asentimento, o orzamento do Máster para o curso académico 2015/2016.
5. Apróbase, por asentimento:
 - a. Que a Coordinadora do Máster elabore un informe sobre las incidencias relativas á docencia postas de manifesto polo alumnado no Plan de Acción Titorial.
 - b. Que o devandito informe se redacte con carácter xeral en relación coa docencia no Máster co seguinte contido:
 - Incumprimento da guía docente.
 - Necesidade de axustar a docencia ás esixencias do Terceiro Ciclo.
 - Conveniencia de prescindir de comentarios minusvaloradores do título e desincentivadores para o alumnado.
 - Aclarar ao alumnado o que se lle esixirá no exame.
 - Facilitar ao alumnado material de estudo.
 - c. Que este informe especifique as materias problemáticas ás que en concreto se refire pero non identificando aos docentes responsables. A estes efectos se fixarán as concretas queixas e as materias a que se refiren.
 - d. Que se remita o devandito informe por correo electrónico á totalidade do profesorado do Máster, ao alumnado matriculado no Máster e aos Departamentos responsables do POD do Máster a efectos informativos.
6. Apróbase, por asentimento, axustar o cronograma ás necesidades de cada materia.
7. Apróbase, por asentimento, modificar o Regulamento de prácticas externas.


Ourense, 3 de decembro de 2014

A SECRETARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA

Ángela Coello Pulido



DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía celebrada o día 2 de decembro de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 3 de decembro de 2014.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria do Decanato da Facultade de Dereito